

# COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL

Nº 19, xaneiro-xuño 1999

**DIRECTORES**

Ana Rosa Lorenzo Vila  
Antxon Mendizábal Etxabe  
Iago Santos Castroviejo

**MESA REDACCIÓN**

Xoán Xosé Barreiro Prado  
Antonio Biempica González  
María Xosé Cabaleiro Casal  
Antonio Fernández Oca  
Xosé Manuel Fernández Outeiral  
Miguel Figueira Touriño  
Pedro Figueroa Dorrego  
Xosé Antón Gómez Segade  
Estrela González Rodríguez  
Xosé Gundín García  
Xacobo Izquierdo Alonso  
Uxío Lábarra Fernández  
Manuel Lojo Nieto  
Xosé Antón López Taboada  
Miguel Martínez López  
Eliseo Xabier Miguélez Díaz  
Hixinio Mougán Bouzón  
Mario Orxales Pita  
Xulio Pardellas de Blas  
Pablo Sande García  
Xosé Tumes Paredes  
Antonio Vaamonde Liste  
Xosé Henrique Vázquez Vicente

**DESEÑO**

Antón Pulido Novoa

**DEBUXO DA PORTADA**

Manuel Pizcueta



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Servicio de Publicacións

ACTAS DO SIMPOSIO INTERNACIONAL SOBRE INVESTIGACIÓN ACCIÓN PARTICIPATIVA APLICADA Á EMPRESA COOPERATIVA. UNIVERSIDADE DE VIGO. VIGO 10-12 DE DECEMBRO DE 1998

José Luis González Santos 'A problemática da organización empresarial das cooperativas e a IAP'.....	3
Mark P. Lammerink 'A investigación acción participativa nas organizacións empresariais'.....	17
Félix Cadena 'Aprender a emprender. A educación popular e a construción dun auténtico sector de economía social'.....	35
David Smathers, 'Con calquera ferramenta posible: IAP no proceso de construción de novas estratexias económicas'.....	41
Miguel Martínez López 'A planificación da IAP en dúas cooperativas de consumo'.....	55
María Xosé Gómez García e Manuel Rivera Iglesias, 'A cooperativa educativa como ferramenta de integración de adolescentes con dificultades escolares: un modelo de aprendizaxe cooperativa'.....	63
María Xosé Cabaleiro, Francisco Rodríguez e Xavier Martínez, 'Aplicación da IAP na formulación, elaboración e análise do informe sobre a xestión e o estado económico do cooperativismo agrario en Galicia'.....	71
Mercedes Suárez Pazos, 'A investigación acción nas ciencias sociais'.....	79
Francisco Javier Encina, José González de Rueda e Montserrat Rosa, 'Cooperativismo e participación: a ecoloxía social como proxecto de transformación en Andalucía Occidental'.....	93
Valentín García Álvarez 'Intervención técnica nas cooperativas de traballo asociado: o que podemos aprender da experiencia da formación continua'.....	103
Xosé Manuel Fernández Outeiral e Carmen Sánchez López, 'Unha formulación de IAP para o desenvolvemento local e da acuicultura mariña na parroquia de Abanqueiro'.....	109
Mercedes Fernández Gestido, 'Elementos metodolóxicos para a investigación socioeconómica: novos instrumentos de análise'.....	117
Jorge Coque e Edmundo Pérez, 'A IAP na nova economía social. Análise dunha experiencia de promoción de empresas de inserción social en Asturias'.....	127
Miriam Fernández, Arantxa Fernández, Carlos Blanco, María Zapata, Isabel Tejero e Enrique Martín, 'Experiencia de investigación participativa en torno ó emprego e ó terceiro sector nun municipio da Comunidade de Madrid'.....	147
Beatriz Ruiz, 'Proxecto de IAP sobre mulleres galegas emigrantes retornadas de Europa'.....	153
Javier Lorenzo Paniagua, 'Notas dunha viaxe: experiencia de colaboración da Universidade do Rio dos Sinos (Brasil) coas iniciativas de economía social do seu contorno'.....	157
<b>IAP NAS COMUNIDADES DE MONTES</b>	
Xosé Alredo Pereira Martínez, 'O aproveitamento da biomasa forestal nos montes do Val Miñor'.....	163
Xosé Carlos Morgade Martínez, 'As comunidades de montes: estruturación social'.....	167
Xoán Collado Pazó, 'O aproveitamento forestal do monte en man común: as árbores caducifolias'.....	171



## PRESENTACIÓN

En decembro do ano pasado celebrouse en Vigo o Primeiro Simposium Internacional de Investigación-Acción-Participativa (IAP) aplicada a Empresas Cooperativas. Dese encontro recolleemos agora unha síntese da maior parte dos traballos presentados. Continuamos así cun dos obxectivos que nos formulamos durante os meses previos ó Simposium: estimular ás cooperativas galegas a iniciar procesos de IAP nas súas organizacións. Para iso, en primeiro lugar, era necesario afondar, xunto a especialistas de diversas partes do mundo, na mesma definición da IAP e tamén contrastar as experiencias que existían neste particular eido das ciencias sociais que trata de producir coñecementos “coa” xente e “para” a xente, a partir das necesidades sentidas en cada unha das súas organizacións e co control delas sobre o proceso de investigación, e non facer unha ciencia allea, distante e incomprendible. Afortunadamente, o precedente dunha IAP realizada nunha cooperativa do grupo Mondragón e os traballos con cooperativas campesiñas latinoamericanas, entre outros, facilitaron a tarefa e axudaron a que moitas persoas visualizaran con claridade a utilidade desta perspectiva de “auto-investigación”. Esperamos, pois, que a totalidade de textos aquí expostos avancen nesa mesma senda de comunicar algunhas ideas básicas sobre a IAP no mundo da economía social.

En segundo lugar, somos conscientes da necesidade que temos de seguir debatindo e refinando os métodos de IAP. A economía social, en xeral, e a economía social galega, en particular, teñen tamén as súas propias características que nos obrigan a contextualizar cada proceso de autoconecemento. Por esta razón tamén resulta plausible e admirable o achegamento que algúns sectores activistas e traballadores de base dese mundo, tiveron cara a IAP. Algunhas cooperativas galegas de ensino, por exemplo, levan xa algúns anos

involucradas en procesos deste estilo. Cooperativas de marisqueo, mancomunidades de montes e a mesma Federación de Cooperativas Sinerxia, tamén amosaron o seu interese por iniciar procesos semellantes. Estes poden abranguer dende os estudos sobre problemas de organización interna, ata a planificación estratéxica dependendo das relacións externas de cada entidade, pero sempre empregando a participación e a aprendizaxe recíprocas entre os equipos técnicos e as comunidades coas que se traballa. O que nos parece salientable, nestes e noutros casos similares, é que estes achegamentos non buscan só a claridade teórica da IAP, senón a experimentación con ela porque, en realidade, a camiñar apréndese andando.

Por último, non nos gustaría deixar aquí a impresión de que a IAP é unha forma completamente nova de facer ciencia e a medicina que todo o cura. Como se poderá ver, en moitos casos o innovador da IAP non é romper con tódalas formas clásicas de coñecemento, senón combinalas (ou cuestionalas) cos propios coñecementos populares e facelo todo dentro dun proceso democrático de relacións entre tódalas persoas implicadas. Ademais, o Simposium realizado e as comunicacións aportadas ó mesmo, son boa proba de que os problemas da economía social non son unicamente da incumbencia de economistas ou sociólogos, senón que outras disciplinas científico-técnicas poden contribuír en igual medida á súa solución. A diferenza que marca a IAP está, insistindo de novo, no proceso de relacións establecido, no traballo conxunto para planificar os estudos e na análise colectiva das experimentacións intentadas. Agardamos, polo tanto, que esta reunión de inquiredanzas e propostas sirva como revulsivo para novas IAPs e que poidamos ter noticia delas en vindeiros números desta revista ou doutras que se animen a esta aventura.



# OPERTIVISM

## E ECONOMÍA SOCIAL

Nº 19. xaneiro-xuño 1999

### DIRECTORES

Ana Rosa Lorenzo Vila  
Antxon Mendizábal Etxabe  
Iago Santos Castroviejo

### MESA REDACCIÓN

Xoán Xosé Barreiro Prado  
Antonio Biempica González  
María Xosé Cabaleiro Casal  
Antonio Fernández Oca  
Xosé Manuel Fernández Outeiral  
Miguel Filgueira Touriño  
Pedro Figueroa Dorrego  
Xosé Antón Gómez Segade  
Estrela González Rodríguez  
Xosé Gundín García  
Xacobo Izquierdo Alonso  
Uxío Labarta Fernández  
Manuel Lajo Nieto  
Xosé Antón López Taboada  
Miguel Martínez López  
Eliseo Xabier Miguélez Díaz  
Hixinio Mougán Bouzón  
Mario Otxales Pita  
Xulio Pardellas de Blas  
Pablo Sande García  
Xosé Turnes Paredes  
Antonio Vaamonde Liste  
Xosé Henrique Vázquez Vicente

### DESEÑO

Antón Pulido Novoa

### DEBUXO DA PORTADA

Manuel Pizcueta



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Servicio de Publicacións

Mark P. Lammerink

*Aprender a aprender. A educación popular e a construción dun auténtico sector de economía social.*

*Separata*

## A INVESTIGACIÓN-ACCIÓN PARTICIPATIVA NAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS: PROPOSTA BASEADA EN EXPERIENCIAS INTERNACIONAIS

Marc P. LAMMERINK  
*FMD Consultores (Holanda)*

SUMARIO: Baseado en experiencias de América Latina, o autor describe neste artigo algúns factores que influen nos procesos de desenvolvemento de cooperativas. Logo propón un enfoque de Investigación-Acción Participativa (IAP) e as súas diferentes fases para ser utilizado no campo do asesoramento a cooperativas de diferente índole.

SUMARIO: Basado en experiencias de América Latina, el autor describe en este artículo algunos factores que influyen en los procesos de desarrollo de cooperativas. Luego propone un enfoque de Investigación-Acción Participativa (IAP) y sus diferentes fases para ser utilizado en el campo de asesoramiento a cooperativas de diferente índole.

### 1. Experiencias internacionais.

“A cooperación entre campesiños ten demostrado ter éxito en tódolos campos, podendo acadarse mellores resultados que nunha acción aillada”, segundo Jacoby<sup>1</sup>. Así, baseadas en experiencias en América Latina, moitos escritores están convencidos do importante papel que as cooperativas poden xogar para solucionar a pobreza dos campesiños nun proceso de desenvolvemento evolutivo. Segundo estes, as cooperativas crean a posibilidade dun cambio cultural e estrutural nos países do Sur de forma democrática e progresiva e sen coacción desde arriba -non un desenvolvemento revolucionario, senón evolutivo-<sup>2</sup>. Sen embargo, faise preciso formular algunhas interrogantes.

En primeiro lugar, o camiño de progresividade apoiado por moitos expertos en cooperativas resulta ser un punto feble no sentido de que retrasa o desenvolvemento das cooperativas. Jacoby formulouno da seguinte maneira:

1. Jacoby, E.H., 1968, 'Agrarian revolution'. Rome, pax. 58-61.

2. Jacoby (1968), pax. 52.

“Non basta con preguntar se e ata que punto a cooperación ten éxito como empresa entre os campesiños. O punto decisivo e se e ata que punto as organizacións cooperativas son capaces de cambiar a distribución do poder no pobo e polo tanto de ter un efecto na estrutura agraria.”

En concreto, un cambio da estrutura social e económica é unha condición importante para unha unión exitosa das agrupacións. De diferentes experiencias despréndese que os campesiños menos favorecidos dunha cooperativa sítense moi motivados a unir as súas forzas, cando se dan posibilidades reais de mellora das condicións de produción. Sen embargo, se a formación dunha organización non aporta ningunha vantaxe clara, (preferentemente) non o fan. Os campesiños un pouco máis podentes dependen menos dunha cooperativa, xa que teñen outras canles de ingresos<sup>3</sup>.

En segundo lugar, cómpre ter o apoio dunha política nacional ou rexional de igualdade para todos e encamiñada á ‘emancipación’ dos grupos de base<sup>4</sup>.

Hai varias experiencias concretas coa formación de cooperativas por parte de campesiños en América Latina. Queremos enfatizar un estudo de Galjart dos anos setenta onde se trata dos aspectos sociolóxicos da mobilización entre campesiños en Chile. Segundo este estudo, os campesiños definen os seus intereses ante todo en termos locais, é dicir, en termos da estrutura da distribución local dos recursos. Dito doutro xeito, os campesiños mobilízanse sobre todo por razóns de interese propio. É o caso sobre todo en situacións onde a distribución da terra é moi desigual, como en moitos países de América Latina. Para cambiar as posibilidades de control do seu contorno eles dispoñen de tres posibilidades: a) poden chegar a pertencer á élite de terratenentes mediante o esforzo persoal; b) poden mellorar a súa sorte mediante unha patronaxe; c) poden reforzar a posición común mediante a cooperación cos seus compañeiros.

Un campesiño pode destinar os seus recursos (tempo, enerxía, diñeiro, amizade e parentesco) a favor dos seus propios intereses e accións de cooperación, beneficiándose de forma indirecta. Moitas desas formas moi indirectas supoñen un sacrificio de recursos a favor do benestar dos demais, dando lugar á solidariedade<sup>5</sup>.

3. Por cooperación emendo neste artigo; a realización de accións ou a utilización de recursos e/ou a omisión de accións ou a realización de sacrificios con vistas a un obxectivo colectivo. No marco da cooperación de campesiños este obxectivo colectivo supón a diminución da dependencia con respecto a terceiros e o aumento da produción da meirande parte posible destes campesiños.

4. Neste sentido é importante a Lei Galega de Cooperativas. Ver *Cooperativismo e Economía Social*, núm. 14, decembro 1996.

5. Solidariedade no sentido de facer algo para outros, en base ó interese de clases, sen que se reciba a cambio unha recompensa material prevista e directa. Ver Galjart, B.F., 1973, ‘Samenwerking onder boeren: een bijdrage tot de theorie over politieke mobilisering en samenwerking gebaseerd op veldonderzoek in Chile’, Wageningen.

## 2. Solidariedade.

Galjart sinala factores dentro da cooperación que inflúen nos procesos de mobilización<sup>6</sup> para establecer empresas cooperativas e factores que inflúen na solidariedade dos campesiños en empresas cooperativas xa establecidas. Tales factores son (entre outros) a forma en que a asociación está ó servizo dos intereses propios dos campesiños, a presenza de oponentes locais, o apoio a nivel nacional e/ou rexional e a presenza dun liderato competente<sup>7</sup>.

A solidariedade dos membros é evidentemente maior nos casos en que a identidade dos intereses comúns e os intereses propios está máis clara. Por exemplo, cando as posibilidades dunha solución individual é moi escasa ou insuficiente. Así mesmo o feito de 'ter xuntos' un adversario común pode acentuar a identidade de intereses entre os campesiños e aumentar a solidariedade. Trátase, noutras palabras, do valor instrumental da asociación. Huijzer afirma: "É máis doado unir á xente contra alguén a quen se considera un inimigo que simplemente a favor de algo"<sup>8</sup>.

En canto á presenza dun liderato competente, descubriuse en diversas investigacións que o 'líder' ten que desenvolver principalmente dúas funcións: a instrumental e a expresiva<sup>9</sup>. A función instrumental refírese á aportación que o líder fai para acadar os obxectivos do grupo. A función expresiva do líder refírese á súa aportación ó mantemento do grupo, ou sexa, ata que punto formar unha unidade faise realidade. A execución desta función ten unha influencia positiva na solidariedade.

Para a meirande parte dos campesiños a afección pola amizade ou parentesco é un factor importante que favorece a solidariedade. Por outro lado, tamén a afección polo parentesco ou amizade pode xogar un papel importante no caso da desconfianza e a antipatía. Da investigación de Galjart despréndese claramente que a conciencia de clase pode substituír a afección como motivo de afiliación. A xente afíliase por razóns ideolóxicas ou materiais, sen preocuparse do que fan os amigos ou parentes. Non ser afiliado non é motivo para acabar coa amizade<sup>10</sup>.

Un medio que pode favorecer a cooperación é o control social, sobre todo no caso de grupos pequenos. Fálase de control social cando se corrixe a un membro dun grupo que non cumpre certas normas do mesmo.

6. A mobilización é un proceso no que os individuos ou os grupos dan ós recursos que empregan para os seus propios fins un destino colectivo novo. Este proceso terá lugar cando os individuos xa non poidan levar a cabo unha situación desexada pola súa conta, senón unicamente cooperando con outros.

7. Galjart. 1973. pax. 163.

8. Huijzer G., 1970. 'Peasant unrest in Latin America: its origins, forms of expression and potential'. Amsterdam, pax. 38.

9. Etzioni, A., 1969, 'Dual leadership in complex organizations', en Gibb, C.A. (ed.), 'Leadership', Harmondsworth.

10. Galjart. 1973. pax. 171.

A presenza de diferencias de estatus entre os campesiños resulta ser un importante factor restrictivo para o xurdimento da solidariedade. Trátase principalmente de diferencias de estatus que derivan da posición socio-económica. As diferencias de estatus entre os campesiños obstaculizan moitos planos para as cooperativas e limitan as posibilidades finais dunha cooperativa.

Dentro da cooperativa é posible a presenza de grupos con intereses segundo a localidade (onde viven), as relacións familiares e a relixión; tamén as ideas políticas poden xogar un papel.

Con respecto á mobilización dos campesiños, a posición das autoridades é crucial para o resultado do proceso. Unha condición necesaria é que a localidade estimule ás organizacións formadas. Para iso as autoridades poden crear posibilidades xurídicas e económicas e dar orientación e consello. Todo isto respetando a independencia das organizacións. Sen embargo, as autoridades tamén deben contribuír á ruptura da estrutura social e económica, que obstaculiza a formación de tales organizacións<sup>11</sup>.

A solidariedade dos membros dunha cooperativa ten moita conexión co grao en que estes poden participar na toma de decisións. Por conseguinte, é importante fortalecer a participación dos campesiños na toma de decisións. Para iso a primeira esixencia é unha comunicación efectiva. Esta dáse en grupos pequenos ou con representantes de cada grupo no organismo centralizador. Deste xeito pódese incitar ós campesiños a unha formulación máis participativa, eles poden expresar problemas específicos, pódese capacitar a membros da xunta directiva no futuro, pódese aprender a aceptar críticas e criticar ós que desenvolven un papel e tamén pode intercambiarse información de carácter xeral. Entón nunha cooperativa pode fomentarse a solidariedade mediante o afecto sobre a base da amizade, mediante a concienciación política, mediante o control social e mediante unha relación directa entre o traballo realizado e a recompensa (o valor instrumental da organización).

Ó posible facilitador externo ou líder expresivo dunha cooperativa reservóuselle a importante tarefa de fomentar a solidariedade e consecuentemente a cooperación. Un facilitador ten que recoñecer o carácter permanente dos contrastes e conflitos. Este recoñecemento permite buscar activamente as formas de organización que poden limitar os danos causados por conflitos de solidariedade e por contrastes. De aí derívase tamén unha parte do seu labor educativo: explicar permanentemente ós campesiños a presenza de intereses tanto comúns coma opostos. Só se os membros recoñecen e aprenden a manexar os conflitos de solidariedade, é posible chegar a solucións aceptables para todos.

Coñecendo estas experiencias, sobre todo en América Latina, pódese entender a importancia de formulacións participativas de investigación e asesoramento, que explicamos de seguido.

11. Este punto constitúe sobre todo un problema nos países en vías de desenvolvemento onde normalmente falta un aparato de goberno ben organizado. Myrdal fala a este respecto sobre o chamado 'Estado blando'.



### 3. A necesidade.

Para mellorar a capacidade de xestión de empresas cooperativas, para afortalar a cultura organizativa e para estimular un proceso de desenvolvemento participativo, descentralizado e autónomo cómpre basearse nun enfoque participativo de asesoramento.

O traballo de asesoramento conleva moitos factores incertos, pois está relacionado coa xente, a súa cultura, a súa historia, a súa situación socio-económica e política e as súas diferencias de intereses. Estes factores incertos non son un problema a ser resolto, senón que constitúen un recurso importante que debe ser respetado e destacado, posto que se trata de coñecementos locais que adquiren sentido dentro do marco de referencia cultural. Os coñecementos locais non só son dominio dos homes e mulleres a nivel local, senón que tamén constitúen un recurso importante para o desenvolvemento das cooperativas. Así, acadar a participación da xente na análise de problemas que lle afecta e no deseño de solucións posibles é unha maneira positiva para desenvolver a cultura organizativa.

A cultura organizativa debe basearse na iniciativa local das agrupacións, xa que as agrupacións coñecen o seu propio medio a través da experiencia e da experimentación continua. Estas son, por conseguinte, unha importante fonte de coñecementos relevantes, xa corroborados a nivel local<sup>12</sup>.

Baseado nestas experiencias é un reto importante crear situacións e metodoloxías que ofrezan a posibilidade de reflexionar sobre as ideas propias e de abrir a mente a novas ideas e perspectivas. Os enfoques participativos conducen xeralmente a esforzos que a longo prazo son máis sostibles, porque a xente mesma ten interese no seu éxito. Entón, a base para desenvolver o traballo de asesoramento deben ser as necesidades e prioridades da propia xente, membros das cooperativas. Un dos eixos do desenvolvemento é a acción. É importante entón idear enfoques nos que a investigación e a acción estean máis estreitamente vinculadas.

Para poder asesorar ás cooperativas a nivel local dunha forma efectiva, faise indispensable para os profesionais/investigadores adquirir formulacións de Investigación-Acción Participativa (IAP), como metodoloxía e novos métodos. Os métodos participativos son moi aptos para obter ideas claras sobre as opinións locais, tanto sobre os seus problemas como sobre as súas posibles solucións. Ó mesmo tempo estes métodos favorecen o desenvolvemento de planos de acción pragmáticos, que poden ser implementados inmediatamente.

12. Lammerink, M.P. e Prinsen, G., 1995, 'Herramientas participativas para reforzar las iniciativas locales', en *Revistas bosques, árboles y comunidades rurales*, núm. 25, pax. 15-19.

#### 4. Participación.

O termo participación é un termo que moita xente emprega incorrectamente e pode resultar sumamente ambiguo. A participación é o proceso mediante o cal as persoas cooperan en, e comparten unha variedade de actividades cun obxectivo común<sup>13</sup>. Esta definición pode parecer obvia, pero en seguida xurde a pregunta “¿o obxectivo común de quen?”. Esta interrogante ilustra as diferentes interpretacións posibles. A cooperativa está integrada por persoas con valores e intereses que non necesariamente coinciden, pola contra, a miúdo hai conflitos de intereses tanto no interior da cooperativa coma fóra dela, como deixan ver as experiencias de América Latina frecuentemente.

McCall distingue tres niveis de participación:

- a) como un recurso para facilitar a implementación de intervencións externas;
- b) como un recurso para mediar na toma de decisións e na formulación de políticas de intervencións externas;
- c) como un fin en si, o fortalecemento dos grupos sociais cara o acceso a e o control sobre os recursos e a toma de decisións.

Neste último nivel, a participación mesma é unha meta e non un medio. Isto implica aceptar a capacidade da xente para identificar e modificar en gran medida as súas propias solucións ás súas necesidades<sup>14</sup>. Isto significa que os que dan asesoramento deben apoiar á agrupación cara aumentar a súa capacidade de control dos cambios dentro do seu propio ámbito.

O enfoque participativo non trata ós membros da cooperativa coma suxeitos pasivos. A investigación participativa realízase con e para a xente e non sobre ela. Este enfoque involucra a persoas “da práctica” no proceso de investigación desde o deseño inicial do proxecto ata as conclusións finais e as accións xurdidas da investigación, pasando pola recopilación e análise dos datos. Por suposto non se trata sempre de que todos estén involucrados activamente durante todo o proceso<sup>15</sup>. Na meirande parte dos casos son algunhas persoas da organización estudada quen participan en forma activa co investigador profesional ó longo de todo o proceso de investigación<sup>16</sup>.

O método colectivo e orientado cara o diálogo dá como resultado datos que poden verificarse e corrixirse directamente. Isto apoia a opinión de Fals Borda: “Tamén proporciona unha validación social do coñecemento obxecti-

13. Katzenellenbogen, J.M. e outros. 1988. ‘Community Participation en the Mamre Community Health Project’, en *South African Medical Journal*, vol. 74, pax. 335-38.

14. McCall, M., 1987. ‘Indigenous knowledge systems as the basis for participation: East African Potentials’, *Working Paper*: núm. 36. Universidade de Enschede, Holanda.

15. Lammerink, M.P., 1995. ‘Aprendiendo juntos: vivencias en investigación participativa’, Vanguardia, Managua, pax. 3.

16. Whyte, W.F., 1991. ‘Participatory action research’. Londres, pax. 20.

vo que non se pode conseguir por outros métodos individuais baseados en informes ou traballo de campo"<sup>17</sup>.

Ademais refórzase a confianza nas capacidades e o desexo da xente de determinar o seu propio futuro ou de describir criticamente a súa propia historia de acción. Todos estes elementos modifican a relación investigador-investigado e condúcennos novamente á discusión anterior sobre a participación. O concepto 'participación' dentro dese enfoque de investigación-acción participativa defínese como algo encamiñado ó empoderamento<sup>18</sup> dos grupos sociais, mediante a organización e mediante a acción social. Aí a participación dos involucrados constitúe á vez un medio e un fin en si mesmo.

En proxectos desta índole é máis ben o investigador quen participa no proceso dos involucrados que o revés. O investigador entra temporalmente nun proceso continuo. A relación de independencia entre o investigador e os involucrados faise cada vez máis horizontal e cooperativa. Precisamente por iso os involucrados poden empregar e aumentar tódalas súas capacidades sociais. Ademais seguen a ter acceso ós recursos (incluídos os coñecementos) e seguen a ter voz na dirección a seguir e na toma de decisións<sup>19</sup>. Deste xeito o esforzo común contribúe ó empoderamento dos involucrados.

### 5. Capacidades dos facilitadores.

No caso da participación como empoderamento trátase de que sobre todo sexa a xente mesma a que identifique e modifique as súas necesidades. Este tipo de proceso que fomenta a participación esixe cualidades determinadas por parte dos facilitadores e dos investigadores que o meu parecer non aparecen suficientemente recalcadas na bibliografía existente sobre investigación-acción participativa.

Como investigador non só se require ser competente no ámbito de investigación, senón tamén a un nivel especificamente educativo xa que o investigador proporciona tanto un apoio metodolóxico á investigación como un apoio educativo para aprender a superar os obstáculos e para aprender a investigar. Todo isto esixe respaldo, estímulo e orientación.

Para iso cómpre que a persoa allea ó problema asuma un novo papel, como facilitador-investigador. Non se trata do rol de misioneiro que transmite coñecementos traídos de fóra, senón dunha combinación de roles que po-

17. Fals Borda, O., Anisur Rahman, M., 1991, 'Action and Knowledge', Apex Press, New York, pax. 149.

18. O empoderamento é un concepto de proceso e de resultado cunha intención fortemente participativa, que eu quero definir como: "Un proceso de mellora das condicións existenciais e de aumento das capacidades colectivas e individuais ó que os mesmos involucrados dan forma, que conduce á diminución das dependencias colectivas e persoais e ó aumento da autonomía".

19. Haverkort, B. Et al., 1988, 'Strengthening farmers capacity for technology development', en *ILEIA Newsletter*, vol. 4, núm. 3, pax. 5.

dería definirse como: mediador, catalizador, reconciliador, compañeiro de traballo e conselleiro. A persoa alíea ó problema convida ós involucrados ó diálogo e á análise, tenta provocar distintas reaccións e actúa como gardián das condicións para o proceso de busca colectiva.

El (ou ela) é un compañeiro de traballo nas investigacións dos involucrados e desenvolve o papel de conselleiro, que aporta ideas novas, busca solucións e introduce tecnoloxías descoñecidas na cooperativa<sup>20</sup>. Pero tamén é el/ela quen continuamente clarexa o proceso da investigación, a fin de que durante a investigación se estimule ós involucrados a aprender a investigar. Trátase dun proceso bilateral encamiñado a concienciar a tódolos involucrados. É unha concienciación emancipadora na que están involucradas dúas partes, tanto investigadores como investigados.

Vimos dous momentos iniciais do proceso de asesoramento: poida que unha cooperativa, partindo do seu desenvolvemento, precise facilidades (incluíndo investigación) orientadas a satisfacer as súas necesidades e prioridades (a cooperativa toma a iniciativa). Así mesmo os investigadores poden optar por colaborar cunha agrupación: estar ó seu servizo, traballar a favor das súas prioridades, facer uso do seu coñecemento e sabiduría, involucrala no proceso de toma de decisións sobre políticas que poidan transformar as súas vidas (os investigadores toman a iniciativa). Así a agrupación está involucrada e ten a posibilidade de tomar parte en discusións sobre as decisións que influirán no rumbo da súa cooperativa.

## 6. As características comúns da IAP.

O concepto investigación-acción foi empregado por primeira vez polo psicólogo social Kurt Lewin, debido á importancia de unir investigación, capacitación e acción. De Lewin son as palabras: "Se queres saber como son as cousas en realidade, tenta cambialas simplemente"<sup>21</sup>.

Ó enfocar a relación estreita entre investigación, capacitación e acción a IAP é útil para:

- solucionar colectivamente os problemas atopados,
- identificar as necesidades de cambios e
- desenvolver coñecemento mellorado, modelos organizativos mellorados e de acción para satisfacer esas necesidades.

A descrición máis simple de Investigación Acción Participativa é: unha maneira de investigar en que todos os involucrados contribúen ó pensamento

20. Haverkort. 1988.

21. Lewin, K., 1958. 'Resolving social conflicts', Harper, New York.

creativo que se emprega neste proceso. Isto supón unha decisión conxunta sobre: que observarán, que métodos de investigación manexarán e como facer comprensible e útil o resultado da investigación. Ó mesmo tempo os involucrados contribúen á acción que é o tema da investigación.

Esta metodoloxía apunta a responder ás necesidades expresadas dunha cooperativa relacionada coas tarefas da xerencia ou cultura organizativa. A metodoloxía apunta a desenvolver e afortalar a capacidade na solución de problemas e conflitos na xestión. Tódolos proxectos baseados na IAP teñen características comúns que, segundo Barton e outros (1997), inclúe tres focos, o local, a acción e o proceso:

a) Foco local:

- Unha orientación cara ás necesidades sentidas da xente e das institucións locais. A IAP toma en conta a problemática experimentada e explicitamente recoñecida pola xente local e as institucións.
- Unha relación forte coas iniciativas localmente xeradas. A IAP ten como obxectivo xerar información e afortalar procedementos de toma de decisións útiles para obxectivos locais e aplicables ás iniciativas locais.
- A implicación de profesionais non locais como socios nun proceso de aprendizaxe. Os profesionais non locais contribúen á IAP como facilitadores ou para proporcionar información técnica sobre xestión e por medio de discusións e negociacións cos axentes locais.

b) Foco da acción:

- Un espazo de tempo mínimo entre a recolección de datos, a análise e a devolución da información. A rapidez da análise e da devolución é importante, tanto para aumentar a rendibilidade das actividades do asesoramento, como para promover a utilidade práctica dos resultados.
- Unha retroalimentación directa dos resultados da análise na planificación e na acción. A IAP incorpora métodos para traducir o coñecemento gañado directamente en decisións prácticas e/ou liñas de conducta factibles.

c) Foco de proceso:

- Unha preocupación igual por proceso e resultados. A IAP ten como obxectivo poñer ó tanto a tódolos participantes nas implicacións da cuestión analizada (problema, situación, solucións posibles, resultado de experimentos) e apoiándoos en tomar accións relevantes.
- Unha estratexia incorporada de comunicación. Os informes finais escritos son útiles para os propósitos institucionais ou do entramento de profesionais, pero as xuntanzas, carteis, teatro, talleres son medios máis importantes de proporcionar a retroalimentación ás institucións locais e á agrupación en grande.



## 7. As fases e actividades da IAP.

O enfoque IAP aplicado ás empresas cooperativas require dunha metodoloxía suficientemente flexible e compatible que permita ás cooperativas e ás organizacións de asesoramento compartir, analizar e mellorar o seu entendemento e que lles permita planificar e implementar actividades para a solución de problemas.

Como xa escribín, a introducción do método IAP conduce a un número de pasos, actividades, métodos e ferramentas con vistas a estimular a participación completa de homes e mulleres no proceso de mellora da xerencia das súas cooperativas.

Un proceso interactivo será establecido coas cooperativas para definir os aspectos da xerencia que se explorarán e para discutir, para deseñar en conxunto e para adaptar solucións posibles ás condicións e ás necesidades da agrupación. Estas solucións poden conducir ó campo de experimentación e da avaliación de posibles solucións ós problemas, abarcando métodos e ferramentas para a xerencia ou cultura organizativa mellorada. A última parte céntrase na devolución e na retroalimentación dos resultados e na planificación e a coordinación de traballo adicional para soste o proceso.

O enfoque de IAP para asesoramento de empresas cooperativas que quero propoñer implica varias actividades que divido en tres fases: *diagnosticar, experimentar e soste*<sup>22</sup>. De seguido explico as fases, pasos e actividades na súa totalidade, e explico a lóxica e a secuencia dos pasos seguidos dentro de cada fase. Describo ademais brevemente cada paso e explico a coherencia entre os mesmos. Quero enfatizar que a orde seguida non é fixa e que cada proceso na realidade pode ser diferente, polo tanto é posible que algúns deles se repitan ou se manifesten de forma paralela.

A sección seguinte describe con máis detalle os pasos para a fase de diagnóstico, experimentación e sostenemento e as actividades e resultados de cada unha. Algunhas actividades continúan a través de todo o proceso, por exemplo:

- tódalas decisións sobre actividades locais deben tomarse cos membros da cooperativa;
- afortalamiento das capacidades das cooperativas;
- os membros da cooperativa desenvolverán a súa comprensión de principios e de prácticas en xerencia;
- estimularanse novas imaxes sobre 'futuros posibles'.

22. Lammerink, M.P. 1998. 'Community managed rural water supply: experiences from Participatory Action Research in Kenya, Cameroon, Nepal, Pakistan, Guatemala and Colombia', en *Community Development Journal*, vol. 33, núm 4, pax. 342-52.

## 8. A fase de diagnóstico.

Os pasos a seguir na fase de diagnóstico abranguen: a preparación e formación do grupo de asesoramento, seleccionar as cooperativas ou agrupacións e identificar os problemas e ofrecer posibles solucións.

O equipo de profesionais precisará desenvolver actitudes e habilidades apropiadas ó traballo participativo, posiblemente a través de talleres de capacitación. Deberá prestarse igualmente atención ó reforzamento das habilidades na cooperativa en documentación e experimentación, necesarias para rexistrar os resultados do traballo de apoio e o proceso. Estes rexistros poden ser utilizados para mellorar a metodoloxía do asesoramento e conseguir que o método sexa aínda máis sostible.

Un elemento importante nestes preparativos é o afortalamiento do traballo en equipo. Non se acada automaticamente un traballo sólido do equipo nin unha colaboración efectiva. Sen embargo ambas son esenciais para o proceso de aprendizaxe de tódolos implicados. Un bo traballo de equipo significa, ademais, confianza nos demais e diálogo mútuo.

En ocasións, segundo a miña experiencia, non se presta a debida atención á necesidade do equipo de gañar confianza en si mesmo. Isto non sucederá rapidamente, senón que depende da práctica e require unha crenza xenuína na importancia de cada contribución para mellorar e transformar. Desde os seus inicios o equipo debe prestar atención a tódolos aspectos do afortalamiento do traballo en equipo, incluíndo a capacidade de escoitar, observar, preguntar e retroalimentarse. Moitos equipos carecen destas habilidades.

As habilidades do traballo en equipo poden facer que os membros se sensibilicen máis na maneira como os demais os ven e os faga máis realistas con relación ós cambios que promoven. Se eles realmente consideran que a participación dos membros é esencial na transformación da cultura organizativa, entón o seu propio funcionamento e os métodos que empregan deben ser consistentes con este obxectivo.

Despois do taller o traballo pode comezar coa preparación dun plan de traballo detallado, baseado en criterios establecidos na selección das cooperativas. Esta selección deberá basearse ou nas cooperativas que solicitaron intervención (situación ideal de comezo), ou en cooperativas coñecidas polas organizacións de asesoramento. En caso de basearse nestas últimas, deberán realizarse esforzos para estimular máis cooperativas para que se unan ó proceso.

O traballo do equipo de apoio coa cooperativa pode comezar con unir e analizar información secundaria e establecer relacións coa xente con vistas a acadar acordos básicos. Un destes acordos podería ser como lograr traballar en conxunto. Unha festa ou calquera actividade en que todos se divirtan podería axudar no diálogo. De igual forma axudaría un paseo pola área da cooperativa.

É importante determinar tan pronto como sexa posible as bases para a proposta de colaboración de forma clara e práctica. Esta será un contrato que describa o proceso proposto, o papel dos participantes, o potencial dos resultados e os métodos propostos para o traballo coa cooperativa. A organización de asesoramento e a cooperativa deberán elaborar en conxunto un proxecto de contrato e chegar a un acordo ó respecto.

Ó final deste paso, os membros do equipo estarán en condicións de implementar a metodoloxía IAP. A cooperativa terá sido seleccionada e teranse acadado acordos. Deberá lograrse un acordo preliminar da situación socio-cultural, física e tecnolóxica de cada cooperativa.

Previamente deberán ter comezado os esforzos do afortamento do equipo e cursos para desenvolver facilidades e habilidades de documentación. Deberá terse identificado unha rede de individuos e organizacións que poidan contribuír ó afortamento e sustentabilidade do proceso e que poidan usar os seus resultados.

Nesta etapa da fase de diagnóstico o equipo de asesoramento axuda a cada cooperativa a describir e analizar a súa organización para identificar os problemas e oportunidades na xestión, especificando exactamente que problemas foron identificados.

Constitúe un elemento importante nesta análise unha comprensión preliminar das condicións socioculturais e económicas. A través de reunións, formais ou informais, entrevistas con individuos claves e ós membros da cooperativa pode determinarse o número de aspectos que interesan ós membros en relación coa xestión. Desta forma os membros da cooperativa estarán estimulados para avaliarse por si mesmos. Foi moi útil comparar os resultados con resultados doutras cooperativas a través de visitas de intercambio<sup>23</sup>.

A seguinte parte deste paso comprende unha serie de actividades que poden resumirse como de desenvolvemento da axenda para a experimentación: recopilación da información para a realización dunha análise detallada dos problemas prioritarios e identificando solucións prometedoras. A axenda pode basearse na investigación dos coñecementos técnicos locais e a súa experiencia pasada na cooperativa, e mesmo na recopilación de ideas prometedoras provintes de fóra da cooperativa como unha opción a valorar.

● persoal das organizacións de asesoramento pode comezar coa análise da información, a pesar de que os resultados poden ser obxecto de revisións continuas por parte da cooperativa a través de visitas de campo. Durante estas visitas o obxectivo será establecer criterios para sentar prioridades (por exemplo a través de preguntas a individuos claves na cooperativa para darlles unha orde de prioridade), para valorar criticamente solucións potenciais por medio da valoración das súas vantaxes e inconvenientes, para lograr aprobar

23. Lammerink e outros. 1998, 'Participatory Action Development: an approach to support community water management'. IRC. A Haya.

a axenda para a experimentación e formular con precisión o que se debe examinar e por quen. A parte final pode realizarse na asemblea xeral da cooperativa ou en calquera outra.

Para o diagnóstico está disponible unha combinación de métodos e de diversas ferramentas, algúns deles da tradición da IAP e do Diagnóstico Rural Participativo (DRP). Por exemplo, entrevistas semi-estructuradas, observacións, mapas parlantes, transectos, diagramas estacionais e diagramas de fluxos, de causalidade, de tendencias, diagramas Venn sobre lazos de organizacións locais, matrices de prioridade; reunión de reflexión e estudos de caso de experimentos. Para a devolución poden empregarse varias ferramentas de representación visual e de comunicación, como por exemplo as xuntanzas da agrupación, teatro, pupitres, celebracións. Estas son formas útiles de retroalimentar á agrupación sobre o diagnóstico.

Como resultados desta fase obteremos unha panorámica da cultura organizativa da cooperativa e a mellora das habilidades dos membros da cooperativa e do equipo de traballo. Nestes momentos xa eles poderán ser capaces de identificar problemas, comprender a relación causa-efecto existente e detectar posibles solucións (sobre a base dos coñecementos locais, así como dos coñecementos técnicos doutros). De igual forma deben ter acadado acordos en canto á lista de prioridades dos problemas e das posibles solucións a avaliar (unha acordada "axenda de experimentación"). Outros resultados son o aumento da concienciación, da confianza en si mesmos, da apreciación e un aumento das relacións entre o exterior e a cooperativa. A cooperativa deberá posuír nestes momentos unha organización efectiva que proveerá bases sólidas para a experimentación.

#### **9. A fase experimental.**

Os dous pasos da fase experimental comprenden ós membros da cooperativa e a avaliación de posibles solucións.

O obxectivo xeral desta fase é deseñar experimentos confiables e cotrolables (manexables) que poden ser monitoreados e avaliados polos mesmos membros da cooperativa. Para acadar isto, as capacidades locais -como habilidades, confianza en si mesmos e organización- deben ser reforzadas de tal forma que a cooperativa poida independentemente planear e deseñar os seus propios experimentos e melloralos ou amplialos sobre a base da práctica experimental existente. A capacidade de formación tamén comprende a habilidade para sentar pautas e avaliar experimentos, o que requerirá habilidades para a formación, a formación de grupos ou equipos e esforzos para afortalar os intercambios e os lazos con outras cooperativas ou con membros delas.

As actividades a desenvolver durante esta fase inclúen a revisión das prácticas experimentais existentes por medio de visitas de intercambio a coo-

perativas relevantes e talleres para examinar posibles solucións. Durante estes talleres a cooperativa poderá planificar e deseñar os experimentos seleccionados e decidir acerca da súa dimensión e un plan de campaña, así como sobre que necesitan e quen participará.

É importante que desde un inicio se decida que criterio vai empregarse para avaliar o éxito dun experimento. Deberán tomarse decisións en canto á forma de controlar e avaliar adecuadamente os métodos empregados, de forma tal que respondan a interrogantes tales como: que debe observarse, medirse ou rexistrarse e cando e como debe recollese esta información.

Despois destes preparativos, os membros da cooperativa e os facilitadores externos poderán comezar coa dirección e control. Os experimentos poden ser avaliados a través da fase de implementación e poderán celebrarse xuntanzas de grupo de tal forma que os membros da cooperativa poidan discutir sobre os resultados e comezar a elaborar conclusións. Os resultados de tódalas observacións ofrecidas deberán ser compilados e analizados sistematicamente. Se o mesmo experimento se leva a cabo noutros lugares a análise pode dirixirse ós dous grupos e entre os diferentes lugares ou cooperativas. Esta análise deberá conter, ademais, o recoñecemento de consecuencias indesexadas e a constancia de como a capacidade de anovamento contribúe a resolver problemas de forma sostible.

O resultado principal desta etapa deberá ser involucrar á meirande parte dos membros da cooperativa dotados xa dunha mellor comprensión do proceso e con mellores habilidades prácticas. Se os experimentos foron ben planeados e deseñados, poderán entón empregar simplemente os métodos de control e avaliación. O proceso de experimentación e avaliación deberá conducir a unha maior cooperación e intercambio entre os membros da cooperativa así como a un apoio máis activo das institucións de asesoramento.

A retroalimentación suministrada polas avaliacións deberá proveer unha imaxe clara dos resultados experimentais e do proceso seguido. Esta imaxe deberá ser preferiblemente discernible non só para os experimentadores, senón tamén para a meirande parte dos membros da cooperativa, ou, cando menos, para tódolos membros da xunta directiva. Debe indicarse claramente a sostenibilidade das diferentes prácticas de xerencia en condicións locais e un guieiro técnico de cómo implementar a idea examinada. As solucións aceptadas ou rexeitadas pola cooperativa deberán ser igualmente grabadas. O proceso deberá servir para alimentar a confianza da cooperativa na súa habilidade para resolver problemas e para crear un medio de apoio para experimentar.

Algúns destes experimentos poderían necesitar máis adaptacións, ou o deseño doutros experimentos. Eventualmente a cooperativa podería concluir que a organización do experimento deberá ser mellorada.

Outros resultados neste paso poderían incluír:

- a difusión exitosa de estratexias, métodos e ferramentas;
- o desenvolvemento de lazos institucionais;



- o establecemento dun sistema de formación e comunicación;
- un modelo do método IAP para o asesoramento das cooperativas operativo e ben documentado;
- un conxunto de materiais que poden ser empregados noutras áreas de interese.

#### 10. A fase de sostenibilidade.

As dúas etapas principais na fase de sostenibilidade son o intercambio e a avaliación dos resultados.

A experiencia ten demostrado que as boas ideas difúndense espontaneamente, por exemplo mediante o intercambio de resultados coas cooperativas da rexión, ou mediante o uso da tradicional transmisión de rumores entre localidades. Os seus efectos poderían ampliarse a través da elaboración dun programa para intercambiar os resultados coas demais cooperativas rexionais. Outra componente de importancia neste programa é a mobilización das redes desenvolvidas durante as primeiras fases como medios de comunicación e difusión.

Este tipo de programa centrará a súa atención nos *resultados* dos experimentos da cooperativa (novas prácticas xerenciais), mentres se enfatizan as ideas básicas e os principios que resaltan os experimentos e os aspectos metodolóxicos do *proceso IAP*. O programa publica igualmente as experiencias de cooperativas específicas ó igual que ideas sobre 'solucións' prometedoras, que poden ser avaliadas en calquera parte, como tamén ideas de 'como experimentar', tales como a avaliación de conceptos anovadores, a adquisición de habilidades e a organización requirida.

A parte final do método IAP é de suma importancia porque o proceso participativo debe conducir á autoxestión. O obxectivo é dotar ás cooperativas dunha maior capacidade para implementar un proceso participativo efectivo e da habilidade para atopar solucións para futuras e diferentes situacións que precisen ser melloradas. A chave da sostenibilidade é o enfoque do asesoramento ás prioridades da cooperativa (neste caso en relación coa mellora da xerencia) altamente compatibles coas condicións locais e coa cultura rexional, de tal forma que sobre esta base os membros da cooperativa poidan crear de forma independente unha maior experimentación. As empresas cooperativas apoiarán o que satisfaga os seus obxectivos e rexeitarán o que non.

Desde o comezo do proceso o equipo IAP debe abordar o desenvolvemento organizativo e a creación de condicións favorables (externas) para que a cooperativa poida continuar experimentando noutras situacións que necesiten ser melloradas no futuro, sexan relacionadas co sistema de xerencia ou con outros campos.

A través do proceso, o papel do grupo de asesoramento externo cambia. Gradualmente cambiará o seu papel de facilitadores directos, que axudan e facilitan, o papel de consultor externo chamado só cando a cooperativa o precisa. Sen embargo, ó mesmo tempo eles manteñen o seu interese en levar a experiencia a outro nivel, por medio de encontros rexionais ou outras iniciativas.

A fase de sostenibilidade continúa coa avaliación dos experimentos para solucionar os problemas prioritarios referentes á xerencia e á sistematización de procesos e resultados (no ámbito da cooperativa e do nivel do asesoramento) axudando a asegurar a sostenibilidade do proceso dentro da cooperativa.

Dentro das actividades desta fase pode considerarse a invitación a persoalidades claves, por exemplo do goberno rexional, a xuntanzas de planificación e avaliación e á organización de talleres de campo. É importante igualmente documentar todo detalle do proceso e os métodos usados para o diagnóstico e a experimentación. Poideran agregar ademais manuais e materiais audiovisuais empregados e podería ser conveniente indicar a formación dos líderes. Igualmente deberá prestárselle atención a estimular o traballo en rede entre os membros das cooperativas e as organizacións con vistas a consolidar o apoio institucional rexional ós procesos locais.

Dentro dos posibles resultados desta fase final atópanse:

- relación e/ou lazos entre cooperativas e organizacións de asesoramento;
- unha metodoloxía ben documentada e operativa para deseñar e implementar experimentos, que pode ser empregada tanto para a mellora da xerencia como en calquera outro campo;
- un gran número de cooperativas comprendidas no proceso de acción e desenvolvemento para a xerencia organizativa e, eventualmente, o establecemento dun sistema de formación intercooperativa e comunicación.

## 11. Coñecemento local e IAP: algunhas conclusións.

A nosa experiencia en varios países de América Latina, África e Asia confirma cada vez máis que a xente posúe coñecementos valiosos para solucionar problemas e que estes coñecementos están ben adaptados ás circunstancias, ó contexto e ás culturas locais. O desenvolvemento da teoría local mediante o descubrimento da relación específica entre causa e consecuencia deste coñecemento aumenta a posibilidade de levar a cabo cambios nunha situación determinada. A acción supón ó mesmo tempo comprobar e mellorar estas teorías locais. Aínda que de cotío teorías locais non encaixan no coñecemento científico, non por iso son menos valiosas<sup>24</sup>.

24. Fals Borda xa chamou a atención con respecto a iso en varias publicacións xa mencionadas Véxase Whyte, 1991, pax. 138.

Ser consciente do valor do coñecemento local ou autóctono tivo consecuencias para o papel do investigador e a forma de investigar: identificar e sistematizar colectivamente o coñecemento existente.

O enfoque da IAP propón reforzar o coñecemento auténtico e baséase totalmente en iniciativas locais que se orientan cara ás necesidades e posibilidades dos mesmos involucrados. Na IAP desde o principio os involucrados non son o 'obxecto de estudio', senón os 'suxeitos activos'. A teoría xa non funciona como interpretación dos investigadores, senón cada vez máis como marco de referencia crítico en función dunha metodoloxía de investigación e de capacitación.

Experiencias coa investigación-acción participativa poden concretar cada vez máis a participación e o reforzamento do coñecemento dos involucrados e das teorías locais. Os casos en que estiven involucrado suxiren que o enfoque da IAP pode ter unha influencia moito maior que a investigación convencional en estimular e apoiar os procesos de cambio, sexa nos montes comunais, na industria, na agricultura ou na pesca. O proceso de investigación acción participativa non só ten sentido para acadar resultados directos senón que tamén pode levar a reconsiderar as relacións entre a xente e as agrupacións, de forma que o efecto e a influencia poidan repercutir nun futuro lonxano.

Na IAP non se trata nunca de atopar solucións ou verdades definitivas. A cuestión é sempre contribuír a un proceso continuo.

É importante constatar que cada lugar, situación e experiencia esixe unha formulación específica, aínda empregando a mesma formulación metodolóxica. A resposta á pregunta de cómo se pode multiplicar a gran escala a pequena escala e a orientación local, sen incorrer na estandarización do método e dos contidos, atópase en gran parte nun bo dominio e nunha aplicación creativa e consecuente da metodoloxía de investigación-acción participativa.

Na miña experiencia a investigación-acción participativa convertiuse nunha filosofía, nun estilo de traballar coa xente. É unha metodoloxía para os involucrados e para o investigador encamiñada ó 'empoderamento' da xente para poder cambiar unha situación no seu propio beneficio. Na IAP converxen as opinións sobre investigación, sobre acción social e sobre aprendizaxe. Trátase cada vez menos de levar a cabo ou unha investigación, ou unha capacitación, ou unha acción<sup>25</sup>.

25. Fals Borda e Rahman, 1991, pax. 16.

- José Luis González Santos é Xerente de Fagor Eléctrica S.Coop. (Mondragón Corporación Cooperativa).
- Mark P. Lammerink é Director de Forestry Manpower Development Consultants / Centro Internacional para el Agua y el saneamiento Integral (Holanda). fmd.nl@wxs.nl
- Félix Cadena é Director da Fundación Latinoamericana de Apoyo al Saber y la Economía Popular (México). flasap@laneta-apc.org. Teléfono (5) 5124429.
- Miguel Martínez López é profesor de Socioloxía da Universidade de Vigo e membro da Asociación Para a Economía Social. EUEE. R/ Torrecedeira, 105, 36208 Vigo. Teléfono 986 813707.
- Xosé Manuel Fernández Outeiral e Carme Sánchez López pertencen á Cooperativa Ría de Arousa. Abanqueiro. 15938 Boiro. A Coruña. Teléfono 981 847765. Fax 981 847393.
- María Xosé Cabaleiro Casal, Francisco Rodríguez de Prado e Francisco Javier Martínez Cobas son profesores do Dpto. de Economía Financeira e Contabilidade da Universidade de Vigo. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Lagoas-Marcosende. Vigo. Teléfono 986 812457.
- María Xosé Gómez García é Pedagoga. Coop. Terra de Trasancos. Narón.
- Manuel Rivera Iglesias é profesor do IESP Terra de Trasancos. As Chousas s/n. Narón. 15407 A Coruña. Teléfono 981 380033.
- Mercedes Suárez Pazos é profesora no departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Vigo. Facultade de Humanidades. 32004 Ourense. Teléfono 988 387128. Fax 988 387159.
- Jorge Coque Martínez é membro da Escuela de Estudios Cooperativos da Universidade Complutense de Madrid. e profesor da área de Organización de Empresas da Universidade de Oviedo. Escuela Técnica Superior de Ingenieros Industriales e Ingenieros Informáticos. cAmpus de Viesques. s/n. 33203 Gijón.
- Edmundo Pérez Fernández pertence á Área de Organización de Empresas da Universidade de Oviedo. Escuela Técnica Superior de Ingenieros Industriales e Ingenieros Informáticos. cAmpus de Viesques. s/n. 33203 Gijón.
- Miriam Fernández, Arantxa Fernández, Carlos Blanco, María Zapata, Isabel Tejero e Enrique Martín son membros de COESO (Colectivo de Economía Social). c/ Sierra del Brezo, 36. 2º B. 28031 Madrid. Tel.: 913328641.
- David Smathers é Associate Director Midwest Center for Labor Research. 3411 W. Diversey. room 10. Chicago. IL 60647. Tel. (773) 278-5418. Fax 278-5918.
- Francisco Javier Encina, José González de Ruéda e Montserrat Rosa son membros do Colectivo de Estudios Marxistas. c/ Cabo de Gata 3. 3º D. 41008 Sevilla. Tel. 954903336.
- Valentín García Álvarez é membro da Asociación Para a Economía Social. r/ Torrecedeira, 105. 36208 Vigo. Tel. 986813707. Fax 986 812401.
- Mercedes Fernández Gestido é socióloga do Dpto. de Sociología I da UNED. R/ Pedreira, 176. 36940 Cangas do Morrazo (Pontevedra). Tel 986304785 / 986305394.
- Beatriz Ruíz é Profesora da UNED (A Coruña). Avda. da Coruña, 11, 5º B. O Burgo. Culleredo. 15670. A Coruña.
- Javier Lorenzo Paniagua é profesor da EUEE da Universidade de Vigo. R/Torrecedeira, 105. 36208 Vigo. Tel. 986813732/48. Fax 986813749.
- Xosé Alfredo Pereira Martínez é Presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes. Sabarís-Outeiro. 83. 36393 Baiona. Tel. 986354248.
- Xoán Collazo Pazó pertence á Organización Galega de Comunidades de Montes. Camiño do Blanqueiro, 18. 36317 Vigo. Tel. 986202404. Fax 986203921. Xosé Carlos Morgade Martínez pertence á Organización Galega de Comunidades de Montes. O Pazo, 15. Mourente. 36164 Pontevedra. Tel. 986844007.

